

# Narrativa

## A man que terma do *picú*

Vicente ARAGUAS

*A Gonzalo Archaga, "Chipi"*

¿E a min porque me chama vostede “pagafantas” se nunca saíu comigo? ¿Sabe vostede acaso cal é a miña relación coas rapazas? ¿Díxolle alguén que son elas as que se aproveitan de min, facéndome abonar as consumicións mentres que eu non avanzo máis que o anaco máis anaco dunha unlla? ¿Que non sabe nadiña de min? ¿El logo por que fala? Non, eu de “pagafantas”, ren. Eu non son máis que un rapazote que disfruta moito coas súas amigas, das que é confidente e amigo íntimo, un máis na súa compañía, o peluche do que poden botar man nas horas do desconsolo, cando as bágoas loitan por saír e eu fago de calzador por que terminen de aparecer, suave, suaviño, como as miñas maneiras. Así que de “pagafantas”, nada, “niente”, oia, que iso semella unha palabra dura. ¿Que vostede pensa que é pavera? Pois eu non, xa ve, que nos tempos que corren un “pagafantas” é un monifate, un monicreque, un antroido, un nachiño que vai e vén e fai o gasto mentres son ben outros os que se lamben e relamben, e o “pagafantas” a velas vir. Home, meu pai tenme falado dunha vez que fixo de “pagafantas” inesperado. Cando quedaran el e un amigo, un tal Morito, en ir ao Cine Niza, de Neda, si, con dúas cativas. ¿Que película? Nin idea, que a historia non me chegou tan completa. Entón os rapaces mercaron entrada para os catro coa idea de sentar na que chamaban daquela “fila dos mancos”, xa sabe, porque un dos brazos non se daba visto. E tiveron a idea de darlles os billetes ás mozas *a priori* porque elas, argumentaban, se cadra chegaban un pouco tarde. E iso foi o que aconteceu, que apareceron cando na pantalla estaba xa o “nodo” aquel, pero non viñan soas, senón acompañadas

dos seus maromos, figurando o agora sexteto a seguinte composición: meu vello, seu amigo, un maromo, a súa cativa, outro maromo, a segunda rapaza. Como xa se terá decatado aquela tropa non era cinéfila, senón que para eles o cinema era o pretexto para outras danzas. Esas que se danzan sen música. Como nas películas de Buñuel, xa sabe. O xordo aquel tan morno, tan quentiño cal un día de Venres Santo en Calanda, si, onde os pexegos, naturalmente. Non, non creo que o nacho este fose un “pagafantas”, pero eu tampouco, que o saiba. Logo estaban os mendas aqueles dos guateques, ¿que que cousa era un guateque?, ¿el logo non o sabe?, ¿el logo é tan parviño que non se decata de que guateque valía para festa nos tempos dos meus pais? Claro, claro, que eu teño as vivencias do meu vello, tan lareteiro como unha vella en cío, hainas, afeñas que as hai, si. E meu pai era moi tímido, seica, un chisco túzaro de máis, un pouco diferente a min, oia, ¡mira que chamarme “pagafantas”! ¡A cousa ten “guasa”! Non lle digo algo máis forte porque hai moita xente diante, e vostede xa vai maior que se non de que... ¡Chamarme a min “pagafantas”! ¡Dicir que teño un aquel de peluche! ¡Manda nabo! ¡Manda chover na Habana! En fin, que ía aquela leda parrandada de guateque á casa dos Foira, Camiño Vello, Camiño do Empedrón, beiras da horta inmensa, a dous niveis, perto dunha nogueira tan excelsa como subir ao ceo a bordo dela, non sei. E aquela caterva chantaba o *picú*, palabra que vén de “pick-up”, viradiscos, si, señor, modalidade maleta, nunha táboa de madeira, baixo dun calendario que xa non dicía anos mais conservaba un cromo cotroso que figuraba *Las Meninas*.

E iso era cáseque todo, senón que o complemento musical, o rustrido e máis o compango, era un álbum carregado de música, cheo de discos de catro cancións que chamaban, seica, “extended-plays”. E o que os poñía no *picú* era meu pai, meu velliño, tímido como unha papoula, túzaro cal un plátano de paseo cando chega o inverno. Meu pai, vítima dunha timidez doente, que o levaba agacharse detrás do *picú*, acoirazarse na música de Los Pekenikes, Johnny Halliday ou France Gall, *Poupée de cire, poupée de son*. Meu pai, premiado non obstante cando a noite comezaba alentar e algunhas parellas facían por se perder no fondal da horta, onde as maceiras de San Xoán. Premiado, condecorado, cos aloumiños de *la plus belle pour aller dancier*, quen

viña por detrás do dono da man que termaba do *picú* a agasallalo cuns bicos maravillosos, cuns bicos que se sabe cando comezan mais nunca cando rematan, con bicos de fechar os ollos e non volver a abrilos ata o día do xuízo, con bicos milagreiros cal subir nun globo e ollar alá abaixo a terra tremando, con bicos que recenden, recén saídos do forno, bicos tan intensos e sabedores cal unha bica d’O Carrizo, bicos –en fin– de sabor tan doce como eses figos que chaman “migueliños”. E agora saiba vostede, “caballero”, que eu de “pagafantas”, nada de nada. Que eu son moi digno fillo de meu pai. Que eu nada pago, que é a min a quen pagan. Con amor se é mester. Ou, simplemente, con agarimo. Lástima fora.